



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE PERCUSIÓN II. CURSO 2019/2020

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015 do 29 de outubro)

MODIFICADO SEGUNDO AS INSTRUCCIÓN DO 27 DE MARZO DE 2020

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA PERCUSIÓN II										
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN							ITINERARIOS:		
CARÁCTER:	OBRIGATORIO							TIPO DE CLASE:		INDIVIDUAL
DEPARTAMENTO:	PERCUSIÓN							XEFE DE DPTO.:		Pilar García Ríos
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Pilar García Ríos, Luis Sobrevela Romaguera
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1 ½
ECTS/CUAD.	9	9	9	9	10	10	10	12	Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS							EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA
	Pilar García Ríos							pigarciaríos@gmail.com		Mércores, 14:30h.
	Luis M. Sobrevela Romaguera							Sobrevela78@edu.xunta.es		Venres, 10.30h.



2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS

DESCRITOR: Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que condúzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.

COÑECEMENTOS PREVIOS: Os requeridos no cuadrimestre anterior

RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxia principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante, Repertorio orquestral e Música de Cámara. Débese considerar a estratexia de intentar relacionar dentro do posible os contidos das materias citadas.

**COMPETENCIAS
TRANSVERSAIS:**

- T1 Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
- T2 Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
- T3 Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
- T6 Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
- T13 Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
- T15 Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
- T17 Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS:

- X1 Coñecer os principios teóricos da música e ter desenvolvido adecuadamente aptitudes para o recoñecemento, a comprensión e a memorización do material musical.
- X3 Producir e interpretar correctamente a notación gráfica de textos musicais.
- X6 Dominar un ou máis instrumentos musicais nun nivel adecuado ao seu campo principal de actividade.
- X8 Aplicar os métodos de traballo máis apropiados para superar os retos que se lle presenten no terreo do estudo persoal e na práctica musical colectiva.
- X11 Estar familiarizado cun repertorio amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras tradicións. Recoñecer os trazos estilísticos que caracterizan ao dito repertorio e poder describilos de forma clara e completa.
- X13 Coñecer os fundamentos e a estrutura da linguaxe musical e saber aplicalos na práctica interpretativa, creativa, de investigación ou pedagóxica.
- X21 Crear e dar forma aos seus propios conceptos artísticos tendo desenvolvido a capacidade de expresarse a través deles a partir de técnicas e recursos asimilados.
- X24 Desenvolver capacidades para a autoformación ao longo da súa vida profesional

**COMPETENCIAS
ESPECÍFICAS:**

- EI1 Interpretar o repertorio significativo da súa especialidade tratando de xeito adecuado os aspectos que o identifican na súa diversidade estilística.
- EI2 Construír unha idea interpretativa coherente e propia.
- EI4 Expresarse musicalmente co seu Instrumento/Voz de xeito fundamentado no coñecemento e dominio na técnica instrumental e corporal, así como nas características acústicas, organolóxicas e nas variantes estilísticas.
- EI5 Comunicar, como intérprete, as estruturas, ideas e materiais musicais con rigor.
- EI6 Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre a interpretación, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión da obra musical.
- EI10 Coñecer as implicacións escénicas que leva a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolver as súas aplicacións prácticas.

Ver a lista e descrición de competencias no DECRETO 163/2015 do 29 de outubro



3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1.- Adquirir nivel técnico suficiente como para abordar obras de alto nivel nos instrumentos principais: caixa, marimba, multiperCUSión, timbais, vibráfono, xilófono e pequena percusión. Sempre orientado e vinculado có feito interpretativo.	EI1, EI4, X1, X3,X6,XG8,X13, X24, T1, T2, T6, T13, T15, T17.
2.- Desenvolver e aportar ideas propias á interpretación con criterio, coherencia, sensibilidade e imaxinación facendo uso dunha liberdade responsable.	EI1, EI2, EI4, EI5, X1, X3,X6, X11,X13,, X21, X24; T1, T3, T6, T13, T15, T17.
3.- Comprender e demostrar a comprensión por medio da interpretación de diferentes culturas e dos distintos estilos musicais ao longo da historia poñendo especial énfase na música do s.XX e XXI.	EI1, EI2, EI4, EI5; T2, T3, T6, T13, T15, T17, X1, X3, X6, X13, X15.
4.- Tocar en público con destreza e autocontrol tendo en conta os aspectos de arte escénica que debe ter un concerto.	E1, E2, E4, E5, E10, X1,X3,X6,X8, X11, X13, X21, T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17.
5.- Coñecer e aplicar con autonomía distintas técnicas de estudio que axuden a optimizar o tempo e o esforzo valorando a práctica instrumental como proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional	E1, E2, E4, E5, X6, X8,XG13,XG21, X24; T1, T2, T3, T6, T13, T15.
6.- Valorar con autonomía e obxectividade a propia interpretación	EI2; X6, X21, X24, T2, T6, T13, T15.
7.- Elaborar pequenos traballos e notas ao programa sobre as obras que se traballen axudando a comprender mellor a obra e aportando conclusións propias.	EI6, X11G, X24; T2, T3, T13, T17)



4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1.- Caixa	Mecanismo de suxeición. Golpe de pistón: matices, acentos e apoios. Golpe simple. Dobres golpes. Golpes triples. Golpes de multirrebote. Combinacións básicas de golpes simples, dobres e multirrebote. Interpretación de estudos e obras orquestrais e rudimentais na caixa: respecto das indicacións escritas, os apoios e dirección de compás.	Todas
2.- Timbais	Golpe de pistón. Articulación legato e staccato. A Afinación no timbal. O estilo orquestral no timbal. Interpretación de estudos orquestrais.	Todas
3.- Vibráfono	A técnica de catro baquetas e o seu sistema de suxeición. Cambios de intervalo. Os cinco tipos de movemento das baquetas en técnica Burton: rotacións de antebrazos. Perfeccionar os cinco tipos de movemento (simple alternado, dobre lateral, dobre vertical, redobre independente). Golpe de pistón. Acordes e desprazamentos entre acordes. Dampening e apagados con pedal. Articulacións picadas e ligadas con pedal.	Todas
4.- Multipercusión/pequena percusión	Criterios de colocación dos instrumentos do setup. Os timbres e as súas características dentro do conxunto do set. Os instrumentos de multipercusión e as súas características sonoras: distintas áreas de ataque. A posición fronte ao setup. Conciencia corporal e desprazamentos. A música polifónica para multipercusión: diferenciación de planos sonoros, polirritmias básicas entre extremidades. Pandeireta, pratos chocados, triángulo, castañolas: técnica específica.	Todas
5.- Marimba	Técnica suxeición catro baquetas, mecanismo de cambio de intervalos. Perfeccionamento dos cinco tipos de movemento. Distintos tipos de ataque aplicados á marimba: downs, fulls, ups e os diferentes golpes intermedios. Movemento continuo e golpe de pistón aplicado á interpretación.	Todas
6.- Audicións e posta en escena	Preparación xeral para unha audición	Todas
7.- Notas ao programa	Elaboración de notas onde se defendan os puntos de vista sobre unha interpretación determinada e onde se facilite a comprensión musical.	Todas
TOTAL SESIÓNS:		16



5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introdutorias Acercamento entre alumno e profesor e avaliación inicial. O alumno comentará o traballo feito con anterioridade aportando información de métodos e obras interpretadas. Realizarase exercicios de primeira vista de caixa, timbais e láminas. O profesor fará as preguntas necesarias sobre cuestións musicais e técnicas e expoñerá ao alumno o plan de traballo. O ESTABLECERASE O TRABALLO A REALIZAR EN TODO O CUADRIMESTRE NA PRIMEIRA QUINCENA DO MESMO.	1 ½		1 ½
Exposición práctico-teórica O profesor propoñerá exercicios técnicos, fragmentos ou obras explicando o proceso a seguir para unha interpretación axeitada. A explicación irá acompañada polo exemplo práctico do profesor. O alumno terá que tocar os exemplos interiorizando as indicacións.	7 ½		7 ½
Exposición da práctica individual O alumno interpretará obras ou exercicios técnicos propostos nas clases anteriores. O profesor aclarará dúbidas e guiará ao alumno cara unha interpretación correcta. Do mesmo xeito o profesor aportará estratexias, técnicas e solucións que axuden a superar as dificultades puntuais e que máis adiante se poidan utilizar noutros contextos.	15		15
Práctica individual Coas ferramentas aprendidas na clase o alumno practicará exercicios técnicos e estudiará os fragmentos e obras traballados na clase.		242	242
Pescuda de información, redacción de pequenos textos. O profesor guiará ao alumno para obter información sobre as obras e os compositores dos que interpreta obras. O alumno, redactará notas ao programa e pequenos traballos sobre as obras que están traballando.		4	4
TOTAL HORAS (90h=3ECTS):			270



6. AVALIACIÓN			
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
C1, C2 , C4, C5, C6	Seguimento diario das clases presenciais ata 13/04/2020.	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10, X1, X3, X6, X8, X11, X13, T1, T2, T3, T6, T15.	100%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA EXAME DECEMBRO)			
C1, C2, C3, C4, C5, C6	Audición/exame final de cuadrimestre (35 minutos)	EI1, EI2, EI4, EI5, EI10, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 T1, T3, T6, T13, T15, T17.	100%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) Os alumnos perderán a avaliación continua en caso de superar as tres faltas por cuadrimestre			
C1, C2 , C3, C4, C5, C6	Opción A: Gravación de vídeo sen editar das obras que teñen programadas para tocar en audición deste cuadrimestre. Opción B: Traballo escrito, de acordo a un modelo establecido, das obras que teñen programadas para o cuadrimestre e das que non podan presentar gravación por carecer de medios.	EI1, EI2, EI4, EI5, EI10, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 T1, T3, T6, T13, T15, T17.	100%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
C1, C2 , C3, C4, C5, C6	Opción A: Gravación de vídeo sen editar das obras que teñen programadas para tocar en audición deste cuadrimestre. Opción B: Traballo escrito, de acordo a un modelo establecido, das obras que teñen programadas para o cuadrimestre e das que non podan presentar gravación por carecer de medios.	EI1, EI2, EI4, EI5, EI10, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 T1, T3, T6, T13, T15, T17.	100%
Observacións:			
O traballo abordará una análise interpretativa das obras programadas para tocar en audición no cuadrimestre correspondente. Deberá ter unha extensión mínima de catro páxinas por obra presentada, en tamaño DIN A-4 con letra arial 12 puntos a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos. O alumno entregará o traballo en formato PDF por vía telemática ao seu titor na data que se determine a tal efecto durante o período de exames extraordinarios.			
C1.- Interpretar obras de diferentes estilos comprendéndoas e comprendendo o seu contexto.			
C2.- Tocar en público como solista ou acompañado un programa de 35 minutos de duración (sen contar o espazo entre pezas) con destreza e autocontrol.			
C3.- Facer os exercicios técnicos con corrección no movemento e poñendo atención á calidade do son.			
C4.- Demostrar o dominio técnico das pezas interpretadas.			
C5.- Demostrar autonomía á hora de preparar pezas, poñendo ideas propias con criterio coherente, sensibilidade e imaxinación e sen deixar de respectar a partitura facendo uso dunha liberdade responsable.			
C6.- Facer traballos escritos sobre temas relacionados coa materia con capacidade crítica e analítica, aportando datos reveladores.			



7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

Partituras orientativas

Marimba

My Lady Wite	Maslanka
Memories of the Seashore	K.Abe
Conversation	A Miyoshi
Rotations	E. Sammut
Suite nº2	Y. Takahoshi
Il Sogno Di Paciocchino	N.J. Zivkovic
Suites de Cello	J. S. Bach
Tres preludios	N. Rosauero

VIBRÁFONO

Estudo 25	D. Friedman
Estudo 26	D. Friedman
Ilmo	M. Glentworth
Sunbell	M. Glentworth
Vacilaciones	D. Almada
Texas Hoedown	D. Friedman
Tunes you know	arr. B. Molenhof

MULTIPERCUSIÓN

Inspiration Diabolique	R. Tagawa
The Love of L´historie	de Lancey
Composition in Blue, Grey and Pink	A. Ford
English suite	W. Kraft
Dualités	A. Miyamoto

CAIXA

March-Cadenza	G. Mortensen
The Noble Snare	Varios
Estudios (Douze Études)	J. Delecluse
Portraits in Rythm (selección de estudos)	A. Cirone
La Caixa d´Orquestr	M. Ramada

TIMBAIS

LÓreille du timbalier	J. Delecluse
Sonata for Timpani	J. Beck
Raga nº1	W. Cahn
Toccata for Timpani	E. L. Diemer
Rhapsody no. 2 for Timpani	A. A. Orfaly
Classic-African	J.Aiello

Estudos	N. Woud
Estudos	G. Whaley
Estudos	J. Delecluse
Seven Dances	G. Frock

Métodos

Bellson, Louis. Modern Reading Text in 4/4 For All Instruments, Alfred Publishing Company (March 22, 1985).

Cirone, Anthony. Portraits in Rhythm. Bellwin Mills Publishing Corporation 1966

Delecluse, Jacques. Exercices Journaliers1, 2, 3.. Editions Alphonse Leduc

Delecluse, Jacques, Vingt Studies d'après R. Kreutzer. Editions Alphonse Leduc

Delecluse, Jacques. Vingt Studies pour Xylophone. Editions Alphonse Leduc

Delecluse, Jacques. 12 estudios para Caixa.. Editions Alphonse Leduc

Firth, Vic. The Solo Timpanist. Carl Fisher Publications

Goldenberg, Morris. Modern School: Xylophone, Marimba, Vibraphone. Alfred Publishing Company (October 24, 2002).

Hamilton Green, George George Hamilton Green's Instruction Course for Xylophone: A Complete Course of Fifty Lessons. Meredith Music Publications, March 1, 1983.

Peters, Mitchell. Fundamental Method for Timpani. Alfred Publishing co. 1993.

Peter, Mitchell. Developing Dexterity. Mitchell Peters 1968.

Stevens, Leigh Howard. Method of Movement for Marimba. Keyboard Percussion Publications, 1993.

Morello, Joe. Master Studies 1 e 2. Modern Drummer Publications inc. Hal Leonard Corporation

Stout, Gordon B. Ideo-kinetics. M. Baker Publications, NY1993.

Textos sobre música e percusión

Blades, James. Percussion Instruments and Their History, The Bold Strummer LTD, 1970

Blum, David. Casals y el arte de la interpretación. Idea Books 2000



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

Dibelius Ulrich. La música contemporánea a partir de 1945, Akal Música, 2004

Klöppel, Renate. Ejercitación mental para músicos. Idea Books 2005.

Montagu, Jeremy. Timpani –Percussion, Yale Music Instrument Series, 2002

Reynolds, Roger. Form and Method Composing Music, Routledge, 2002

Schick, Steven. The Percussionist's Art, University of Rochester Press, 2006

Varios . Percussive Notes, archivos da Percussive Arts Society dende 1960.

<http://www.pas.org>